



Galicia dixital

O Hipersector TIC en Galicia

Edición 2023



AXENCIA PARA A
MODERNIZACIÓN
TECNOLÓXICA DE GALICIA



Edita: Xunta de Galicia
Consellería de Facenda e Administración Pública
Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia.

Lugar: Santiago de Compostela
Ano: 2024

Este documento distribúese baixo licencia Creative Commons Atribución
Compartir baixo a licencia 4.0 Internacional (CC BY-SA 4.0)
Dispoñible en: <https://creativecommons.org/licenses/by-sa/4.0/deed.gl>

Galicia dixital O Hipersector TIC en Galicia

**Observatorio da Sociedade da Información
e a Modernización de Galicia (OSIMGA)**

Xunta de Galicia
Consellería de Facenda e Administración Pública
Axencia para a Modernización Tecnolóxica de
Galicia (Amtega)
Santiago de Compostela
2024

DESTACADOS



No 2022, Galicia mantén o quinto lugar do ranking nacional no número de empresas do Hipersector TIC




As empresas galegas supoñen o 4,7% do total do Hipersector TIC español e representan no 2022 o 1,7% das empresas de Galicia.



No 2023, o Hipersector TIC incrementou o número de traballadores/as ata os 28.556 empregados/as, o que supón un crecemento do 4,7% dende o ano anterior.



O Hipersector TIC exportou máis de 120 millóns de euros no ano 2022.




No último ano o
número de
empresas do
**Hipersector TIC en
Galicia**
incrementouse un
**4,2% ata acadar as
4.170 empresas**



ÍNDICE DE CONTIDOS

INTRODUCCIÓN	6
1. Demografía empresarial e peso na economía galega	8
2. Emprego	25
2.1 Emprego por provincias	27
2.2 Emprego por áreas de actividade	28
2.3 Emprego segundo o xénero	31
2.4 Emprego por réxime de cotización	32
3. Comercio exterior	37
4. Innovación tecnolóxica	42
5. Patentes	54
Anexo: Definición da áreas macrocomarcais	56



INTRODUCCIÓN

Preséntase a edición 2023 do informe do Hipersector TIC elaborado polo Observatorio da Sociedade da Información e a Modernización de Galicia (OSIMGA), órgano da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega). Achega unha caracterización actualizada do Hipersector TIC na Comunidade Galega.

O informe está en consonancia coas directrices e obxectivos marcados na **Estratexia Dixital de Galicia 2030 (EGD2030)**, que identifica ao Hipersector TIC como un dos sectores con maior potencial de crecemento nos próximos anos, e xera redes de valor co resto de usuarios dixitais, empresas tractoras e sectores económicos, dando lugar á conformación dun ecosistema dixital galego activo que axuda a impulsar a dixitalización global na sociedade.

O Hipersector TIC en Galicia é unha peza clave no desenvolvemento económico debido ao seu grande potencial na xeración, retención e atracción de coñecementos, servizos e produtos relacionados coa transformacional dixital actual e futura, pola súa capacidade para desenvolver capacidades e infraestruturas dixitais de vangarda en tecnoloxías disruptivas e pola súa proxección exterior.

A elaboración deste informe é posible grazas á colaboración do Instituto Galego de Estatística, en virtude do convenio de colaboración asinado coa Amtega, que achega os datos necesarios para a súa elaboración. Tamén achegou información o INE e a Oficina Española de Patentes e Marcas.

Táboa 1. CNAE-09. Hipersector TIC

Sector TIC
26.1 Fabricación de compoñentes electrónicos e circuitos impresos ensamblados
26.2 Fabricación de ordenadores e equipamentos periféricos
26.3 Fabricación de equipamentos de telecomunicacións
26.4 Fabricación de produtos electrónicos de consumo
26.8 Fabricación de soportes magnéticos e ópticos
46.5 Comercio por xunto de equipamentos para as tecnoloxías da información e as comunicacións
58.2 Edición de programas informáticos
61.1 Telecomunicacións por cable
61.2 Telecomunicacións sen fíos
61.3 Telecomunicacións por satélite
61.9 Outras actividades de telecomunicacións
62.0 Programación, consultaría e outras actividades relacionadas coa informática
63.1 Proceso de datos, hospedaxe e actividades relacionadas; portais web
95.1 Reparación de ordenadores e equipamentos de comunicación
Sector dos contidos e medios de información
58.1 Edición de libros, xornais e outras actividades editoriais
59.1 Actividades cinematográficas, de vídeo e de programas de televisión
59.2 Actividades de gravación de son e edición musical
60.1 Actividades de radiodifusión
60.2 Actividades de programación e emisión de televisión
63.9 Outros servizos de información

Ficha técnica

O estudo do Hipersector TIC en Galicia ten por obxecto coñecer a situación actual e a evolución das actividades produtivas que conforman o Sector das Tecnoloxías da Información e as Comunicacións (TIC) xunto co sector dos Contidos e Servizos Audiovisuais.

As actividades que constitúen o Hipersector TIC descríbense tomando como referencia os traballos desenvolvidos pola OCDE e o INE. Na seguinte táboa detállanse as actividades económicas incluídas, segundo a súa codificación no CNAE-09.



1 DEMOGRAFÍA EMPRESARIAL E PESO NA ECONOMÍA GALEGA

O número de empresas do Hipersector TIC en Galicia incrementouse nun 4,2% ata acadar as 4.170 empresas no 2022


En Galicia, ao final do 2022, existían un total de 4.170 empresas desenvolvendo actividades encadradas no Hipersector TIC, das que o 75,3% realizaban actividades no subsector TIC e o 24,7% no subsector de Contidos.

O crecemento no número de empresas é sostido nos últimos anos, acumulando un aumento dun 13,8% dende o 2018.

A análise dos dous subsectores que conforman o Hipersector TIC indica que:

- O sector TIC acada as 3.140 empresas, un 4% máis que o ano anterior.
- O sector Contidos experimenta un crecemento do 5%, e está conformado por 1.030 empresas en Galicia.

Gráfico 1. Número de empresas do Hipersector TIC en Galicia. 2018-2022



Fonte: IGE. Directorio de Empresas


Táboa 2. Empresas do Hipersector TIC. Ano 2022 (Número de empresas)

Sector TIC	
26.1 Fabricación de compoñentes electrónicos e circuítos impresos ensamblados	15
26.2 Fabricación de ordenadores e equipamentos periféricos	35
26.3 Fabricación de equipamentos de telecomunicacións	12
26.4 Fabricación de produtos electrónicos de consumo	8
26.8 Fabricación de soportes magnéticos e ópticos	0
46.5 Comercio por xunto de equipamentos para as tecnoloxías da información e as comunicacións	300
58.2 Edición de programas informáticos	40
61.1 Telecomunicacións por cable	25
61.2 Telecomunicacións sen fíos	19
61.3 Telecomunicacións por satélite	4
61.9 Outras actividades de telecomunicacións	134
62.0 Programación, consultaría e outras actividades relacionadas coa informática	2090
63.1 Proceso de datos, hospedaxe e actividades relacionadas; portais web	189
95.1 Reparación de ordenadores e equipamentos de comunicación	269
Sector dos contidos e medios de información	
58.1 Edición de libros, xornais e outras actividades editoriais	351
59.1 Actividades cinematográficas, de vídeo e de programas de televisión	510
59.2 Actividades de gravación de son e edición musical	70
60.1 Actividades de radiodifusión	43
60.2 Actividades de programación e emisión de televisión	22
63.9 Outros servizos de información	34
TOTAL HIPERSECTOR TIC	4170


Fonte: IGE. Directorio de Empresas

As empresas dedicadas a actividades de "Programación, consultaría e outras actividades informáticas" (CNAE 62) representan o 50,1% do total das empresas do Hipersector TIC no 2022. Dentro do subsector TIC o seu peso acada o 66,6%.

Dentro do Sector Contidos destacan as empresas de "Actividades cinematográficas, de vídeo e de programas de televisión" (CNAE 59.1), que representan o 12,2% do Hipersector e as de "Edición de libros, xornais e outras actividades editoriais" (CNAE 58.1), que representan o 8,4%.



Emprendemento TIC



No 2022 a taxa de crecemento neto das empresas do Subsector TIC e das empresas do Subsector Contidos seguen a ser positivas

A taxa bruta de natalidade empresarial describe a porcentaxe de empresas nadas e dedicadas aos subsectores TIC e de Contidos por cada mil empresas nun ano respecto ao total de empresas ao comezo dese ano. Paralelamente, a taxa de mortalidade rexistra as que desapareceron.

As empresas que naceron ou se deron de alta no Hipersector TIC galego durante o 2022 foron máis que as empresas que desapareceron ou deixaron a súa actividade empresarial.

Ambos os dous subsectores do Hipersector TIC amosan un crecemento significativo, xa que as taxas de natalidade superan ás de mortalidade en 37,1 puntos no sector TIC e en 62,2 no dos Contidos.

Táboa 3. Taxas de demografía empresarial dos subsectores do Hipersector TIC 2019-2022

SUBSECTOR TIC	TAXA BRUTA DE NATALIDADE	TAXA BRUTA DE MORTALIDADE	TAXA DE CRECEMENTO TOTAL
2019	174,3	124,0	50,3
2020	152,2	137,0	15,2
2021	123,6	112,1	11,5
2022	139,1	102,0	37,1
SUBSECTOR CONTIDOS	TBN	TBM	TCT
2019	154,2	88,4	65,8
2020	150,1	121,1	28,9
2021	106,5	86,6	19,8
2022	130,5	68,3	62,2

Fonte: IGE

Taxa de Actividade Emprendedora

A Taxa de Actividade Emprendedora (TEA) indica a porcentaxe de poboación activa nun sector que está dedicada a iniciativas emprendedoras.


Durante o ano 2022, o subsector TIC foi o que presentou a Taxa TEA máis elevada, cun 9,3, mentres o subsector dos Contidos acadou os 3,7 no último ano.

Estes indicadores permaneceron estables en 2022, respecto ao ano anterior.

A taxa de actividade emprendedora no sector TIC continúa a ser superior á de contidos. Ambas estables no ano 2022.



Gráfico 2. Evolución do Taxa de Actividade Emprendedora (TEA) no Sector TIC e no Sector CONTIDOS (2010-2022)



Fonte: IGE

Número de Empresas


No ano 2022, no conxunto de España, existen 89.235 empresas que desenvolven a súa actividade no Hipersector TIC: o 78,8% pertence ao sector TIC e o 21,2% ao sector contidos.



Relación Galicia-España

No 2022, Galicia mantén o **quinto lugar** do ranking estatal no número de empresas do Hipersector TIC

Gráfico 3. Número de empresas do Hipersector TIC por Comunidades Autónomas. Ano 2022



Fonte: IGE-INE: Directorio de Empresas

Número de Empresas



Relación Galicia-España

As empresas do
Hipersector TIC de
Galicia supoñen o **4,7%**
do total do Hipersector
TIC español

O incremento de empresas do Hipersector TIC en Galicia é similar ao do conxunto de España.

O número de empresas do Hipersector TIC en Galicia incrementouse nun 4,2% no último ano mentres que en España o incremento foi do 5,2%.

As empresas relacionadas co Hipersector TIC en Galicia no 2022 supoñen o 4,7% do total de empresas dedicadas a esta actividade en España.

Táboa 4. Número de empresas do Hipersector TIC. Galicia-España 2018-2022

ANO	2018	2019	2020	2021	2022
ESPAÑA					
TIC	64.808	65.250	66.682	66.801	70.287
CONTIDOS	18.467	18.112	18.282	18.027	18.948
HIPERSECTOR	83.275	83.362	84.964	84.828	89.235
GALICIA					
TIC	2.783	2.897	2.961	3.020	3.140
CONTIDOS	882	933	958	981	1.030
HIPERSECTOR	3.665	3.830	3.919	4.001	4.170

Fonte: IGE-INE: Directorio de Empresas 2018-2022

Número de Empresas

Continúa o incremento do peso relativo das empresas do Hipersector TIC respecto do total de empresas de Galicia, acadando xa o 1,7%, fronte ao 1,6% que se rexistraba no ano 2021.

O crecemento nos últimos dous anos é continuo.


No último ano, no conxunto empresarial galego prodúcese un crecemento relativo do 0,1% no número de empresas, mentres que o número de empresas do Hipersector TIC medraron nun 4,2%.



Peso relativo do Hipersector TIC

O Hipersector TIC segue a aumentar o seu peso no tecido empresarial galego en 2022, representando xa o **1,7%** das empresas de Galicia

Gráfico 4. Peso do Hipersector no total de empresas en Galicia (%). Anos 2018-2022



Fonte: IGE, Directorio de empresas 2018-2022

Distribución das Empresas




Distribución provincial

O **46%** das empresas galegas do Hipersector TIC teñen a súa sede na provincia da **Coruña**

As provincias da Coruña e Pontevedra concentran conxuntamente o 79,7% da totalidade das empresas do Hipersector TIC con sede ou actividade en Galicia.

O número de empresas incrementouse en todas as provincias no último ano. Na provincia da Coruña rexistrouse o maior crecemento do Hipersector no último ano con 85 empresas novas, seguidas das 50 da provincia de Pontevedra e as 8 da provincia de Ourense.

Mapa 1. Peso do Hipersector no total de empresas en Galicia (%). Anos 2018-2022




Fonte: IGE, Directorio de empresas 2018-2022

Condición Xurídica das Empresas

**A forma xurídica
societaria
representa o 58,4%
das empresas do
Hipersector TIC
fronte ao 41,6% de
persoas físicas
(autónomos/as).**




Gráfico 5. Hipersector TIC en Galicia por condición xurídica



Fonte: IGE, Directorio de empresas 2018-2022

Tamaño das Empresas

Gráfico 6. Hipersector TIC en Galicia segundo tamaño da empresa



Fonte: IGE, Directorio de empresas: 2022




**O 81,4% das
empresas do
Hipersector TIC
galegas contan con
2 traballadores/as
ou menos.**

Mapa 2. Número de empresas do Hipersector TIC segundo área macrocomarcal*. 2022

 Nas áreas macrocomarcais da **Coruña e Vigo** concéntrase o maior volume de empresas do **Hipersector TIC**

-  Menos de 50 empresas
-  De 50 a 99 empresas
-  De 100 a 500 empresas
-  Máis de 500 empresas



Áreas macrocomarcales	Empresas	Áreas macrocomarcales	Empresas
Área da Coruña	1.035	A Barbanza-Noia	71
Área de Vigo	901	A Coruña suroriental	52
Área de Santiago	525	Pontevedra nororiental	48
Área de Ourense	200	A Mariña	42
Área de Lugo	197	O Carballiño-O Ribeiro	36
Área de Pontevedra	171	Ourense Sur	33
Ferrol,Eume e Ortegál	144	Lugo Sur	31
Caldas-O Salnés	119	Ourense Central	24
Costa da Morte	93	Lugo oriental	22
O Morrazo	87	Sede fóra de Galicia pero con sede na Comunidade galega	260
Pontevedra Sur	79		


Fonte: IGE, Directorio de empresas 2022

*No anexo figura a descrición das "áreas macrocomarcais"

Mapa 3. Número de empresas do sector TIC segundo área macrocomarcal. 2022



No subsector das TIC, as empresas concéntranse novamente no **Eixo Atlántico**. Destacan, especialmente, as áreas da **Coruña e Vigo**



- Menos de 50 empresas
- De 50 a 99 empresas
- De 100 a 500 empresas
- Máis de 500 empresas

Áreas macrocomarcales	Empresas	Áreas macrocomarcales	Empresas
Área da Coruña	770	A Barbanza-Noia	54
Área de Vigo	707	Pontevedra nororiental	35
Área de Santiago	334	A Coruña suroriental	35
Área de Ourense	167	A Mariña	27
Área de Lugo	152	O Carballiño-O Ribeiro	27
Área de Pontevedra	121	Lugo Sur	22
Ferrol,Eume e Ortegal	114	Ourense Sur	22
Caldas-O Salnés	84	Lugo oriental	21
Costa da Morte	78	Ourense Central	16
Pontevedra Sur	66	Sede fóra de Galicia pero con establecementos na Comunidade galega	222
O Morrazo	66		


Fonte: IGE, Directorio de empresas 2022

*No anexo figura a descrición das "áreas macrocomarcais"

Mapa 4. Número de empresas do sector Contidos segundo área macrocomarcal. 2022



No subsector contidos, as
empresas concéntranse
na áreas da **Coruña, Vigo**
e tamén Santiago.




- Menos de 20 empresas
- De 20 a 49 empresas
- De 50 a 99 empresas
- Máis de 100 empresas

Áreas macrocomarcales	Empresas	Áreas macrocomarcales	Empresas
Área da Coruña	265	Costa da Morte	15
Área de Vigo	194	A Mariña	15
Área de Santiago	191	Pontevedra Sur	13
Área de Pontevedra	50	Pontevedra nororiental	13
Área de Lugo	45	Ourense Sur	11
Caldas-O Salnés	35	Lugo Sur	9
Área de Ourense	33	O Carballiño-O Ribeiro	9
Ferrol,Eume e Ortegal	30	Ourense Central	8
O Morrazo	21	Lugo oriental	1
A Barbanza-Noia	17	Sede fóra de Galicia pero con establecementos na Comunidade galega	38
A Coruña suroriental	17		

Fonte: IGE, Directorio de empresas 2022


*No anexo figura a descrición das "áreas macrocomarcais"

Mapa 5. Número de empresas do Hipersector TIC. Provincia da Coruña. 2022



26 concellos da provincia da Coruña contan con 10 ou máis empresas encadradas no Hipersector TIC (+4 concellos respecto ao ano anterior). Sobresaíndo fronte ao resto, **A Coruña e Santiago de Compostela** son os concellos que contan cun maior número de empresas do Hipersector TIC na provincia ascendendo a **704** empresas no concello da Coruña e **340** no de Santiago de Compostela.


Mapa 6. Número de empresas do Hipersector TIC. Provincia da Lugo. 2022



O concello de **Lugo** é o que conta co maior número de empresas (159) do Hipersector TIC na provincia.


Nos concellos restantes, só en tres casos supéranse as 10 empresas: Monforte de Lemos (18), Sarria (15) e Viveiro (11).

Mapa 7. Número de empresas do Hipersector TIC. Provincia da Ourense. 2022



Na provincia destaca a cidade de **Ourense con 142 empresas** do Hipersector TIC, seguida de **San Cibrao das Viñas (34)**, **O Carballiño (17)** e **Xinzo da Limia (10)**.

Mapa 8. Número de empresas do Hipersector TIC. Provincia da Pontevedra. 2022




Na provincia de Pontevedra hai **22 concellos** que superan as 10 empresas do Hipersector TIC. Destacan especialmente **Vigo (729)** e **Pontevedra (134)**.

Peso do Hipersector TIC na economía galega

O valor engadido bruto (VEB) do Hipersector TIC galego aumentou un 1,4% no último ano e supera por primeira vez os dous mil millóns de euros.


No sector TIC onde o VEB supera os 1.753 millóns de euros, cun crecemento do 0,7% no último ano, case 13 millóns máis ca o ano anterior.

O peso Valor Engadido Bruto do Hipersector TIC respecto do PIB galego acada o 3,1%, igualando a cifra do 2019.




O Valor Engadido Bruto do Hipersector TIC galego supera os 2.000 millóns de euros e experimenta un aumento do 24,1% dende o 2016.

Gráfico 7. Valor Engadido Bruto do Hipersector TIC respecto do PIB galego



Fonte: IGE

Gráfico 8. Valor Engadido Bruto do Hipersector TIC en Galicia. (2016-2021)
Datos en miles de euros



Fonte: IGE. Datos en miles de euros; (p) provisional

2 EMPREGO

O número de empregados/as no Hipersector TIC incrementouse nun 4,7% no último ano.

No 2023, o Hipersector TIC incrementou o seu número de traballadores/as ata os 28.556 empregados/as o que supón un crecemento do 4,7% dende o ano anterior.

O incremento relativo máis intenso está no Sector TIC, pero o sector Contidos tamén crece de maneira significativa:

- O Sector Contidos conta actualmente con 5.624 traballadores/as, aumentando nun 2,9% no último ano (+156).
- O Sector TIC crece tamén (5,2%) acadando os 22.932 traballadores/as, 1.129 máis que o ano anterior.

Gráfico 9. Número de empregados/as do Hipersector TIC en Galicia. 2018-2023



Fonte: Elaboración propia a partir dos datos de afiliacións e contas de cotización proporcionados pola Seguridade Social, 2018-2023

Emprego por provincias



A provincia da Coruña aglutina o **60,7%** dos traballadores/as do **Hipersector TIC** de Galicia

A provincia da Coruña é a que conta con maior número de traballadores/as no Hipersector TIC e tamén a que máis crece en termos absolutos (+848) e relativos (+5,1%). Séguela Pontevedra en termos absolutos (+404) e mesmo a supera en termos relativos (+5,2%)

En canto á distribución territorial, a provincia que aglutina a maior parte dos traballadores /as TIC é A Coruña, acollendo ao 60,7% do total do emprego do Hipersector TIC de Galicia. Séguelle Pontevedra, cun 28,6%.





Gráfico 10. Evolución do emprego no Hipersector TIC (2018-2023) segundo provincias




Fonte: Elaboración propia a partir dos datos de afiliacións e contas de cotización proporcionados pola Seguridade Social, 2018-2023

Emprego por provincias

No **Sector TIC**, o emprego mantense estable nas provincia de Lugo e Ourense, e **incrementábase nas provincias da Coruña, (+5,8%) e Pontevedra (+5,7%).**


A Coruña segue sendo a provincia con máis emprego do sector TIC de Galicia (59,6%)

Gráfico 11. Evolución do emprego no Sector TIC (2018-2023) segundo provincias



Fonte: Elaboración propia a partir dos datos de afiliacións e contas de cotización proporcionados pola Seguridade Social, 2018-2023

Gráfico 12 . Evolución do emprego no Sector Contidos (2018-2023) segundo provincias



Fonte: Elaboración propia a partir dos datos de afiliacións e contas de cotización proporcionados pola Seguridade Social, 2018-2023

No **Sector Contidos** o emprego crece de forma homoxénea, entre o 2,7 e 3,5% en todas as provincias. En termos absolutos destaca A Coruña (+100). As provincias de **A Coruña e Pontevedra aglutinan o 87,1% dos traballadores/as** do sector Contidos.

Emprego por área de actividade



**As actividades que máis
emprego xeraron no
Hipersector TIC en 2022
son "Tecnoloxía da
información e do servizo
informativo" e
"Telecomunicacións" con
980 e 205 empregados
máis respectivamente.**

A actividade que rexistrou un maior crecemento absoluto no emprego no **Sector TIC** foi "Actividades da tecnoloxía da información e do servizo informativo", con 980 empregados/as máis que no 2022, o que supón un crecemento relativo do 6,9%. Este crecemento xunto co crecemento do emprego das "Telecomunicacións" e "Os Portais Web" con 205 e 43 novos postos de traballo, son os motores do crecemento do sector TIC do ano 2023.

No **Sector Contidos**, ao igual que no ano 2022, o maior crecemento respecto ao ano anterior rexístrase en "Actividades cinematográficas, de vídeo e de programas de televisión" co 6,2% (+93). En termos relativos, novamente, crecen máis as Actividades de gravación de son e edición musical co 12,3% onde o emprego **incrementábase en 15 persoas.**


Clasificación en áreas de actividade CNAE-2009: <http://www.ine.es/daco/daco42/indic/metoindic.pdf>

MANUFACTURERAS TIC: 2610.Fabricación de compoñentes electrónicos e Fabricación de placas electrónicas cargadas, 2620.Fabricación de computadoras e equipo periférico, 2630.Fabricación de equipos de comunicacións, 2640.Fabricación de aparellos de consumo electrónico, 2680.Fabricación de soportes magnéticos e ópticos.

- **INDUSTRIAS COMERCIAIS:** 4651.Comercio por xunto de computadoras, equipo informático periférico e programas informáticos, 4652.Comercio por xunto de equipo electrónico de telecomunicacións e dos seus partes e pezas.
- **ACTIVIDADES DE PUBLICACIÓN TIC:** 5821.Industria editorial de xogos de computador, 5829.Outros tipos de edición de programas informáticos
- **TELECOMUNICACIÓNS:** 6110.Actividades de telecomunicacións por cable, 6120.Actividades de telecomunicacións sen fíos, 6130.Actividades de telecomunicacións por satélite, 6190.Outras actividades de telecomunicación.
- **ACTIVIDADES DA TECNOLOXÍA DA INFORMACIÓN E DO SERVIZO INFORMATIVO:** 62.01.Actividades de programación informática, 62.02.Actividades de consulta de tecnoloxía da información, 62.03.Actividades de dirección de instalacións de computador, 62.09.Outras actividades de tecnoloxía de información e servizo de computadoras.
- **PORTAIS WEB, PROCESAMENTO DE DATOS, ALOXAMENTO E ACTIVIDADES CONEXAS:** 63.11.Procesamento de datos, aloxamento (aloxamento) e actividades conexas, 63.12.Portais web.
- **REPARACION DE COMPUTADORAS E EQUIPOS COMUNICACIONAIS:** 9511.Reparación de computadoras e equipo periférico, 9512.Reparación de equipos comunicacionais.
- **EDICIÓN DE LIBROS, XORNAIS E OUTRAS ACTIVIDADES EDITORIAIS :** 5811.Edición de libros, 5812.Edición de directorios e guías de direccións postais, 5813.Edición de xornais, 5819.Outras actividades editoriais.
- **ACTIVIDADES CINEMATOGRAFICAS, DE VÍDEO E DE PROGRAMAS DE TELEVISION:** 5911.Actividades de produción cinematográficas, de vídeo e de programas de televisión, 5912.Actividades de postproducción cinematográfica, de vídeo e de programas de televisión, 5913.Actividades de distribución cinematográfica, de vídeo e de programas de televisión, 5914.Actividades de exhibición cinematográfica.
- **ACTIVIDADES DE GRAVACIÓN DE SON E EDICIÓN MUSICAL :** 592.Actividades de gravación de son e edición musical
- **ACTIVIDADES DE PROGRAMACIÓN E EMISIÓN DE RADIO E TELEVISIÓN:** 601.Actividades de radiodifusión, 602.Actividades de programación e emisión de televisión
- **OUTROS SERVIZOS DE INFORMACIÓN :** 6391.Actividades das axencias de noticias

Emprego por área de actividade

Gráfico 13. Desglose segundo CNAE do HIPERSECTOR TIC. Anos 2022 e 2023



Fonte: Elaboración propia a partir dos datos de afiliacións e contas de cotización proporcionados pola Seguridade Social, 2022-2023

Clasificación en áreas de actividade CNAE-2009: <http://www.ine.es/daco/daco42/inditic/metoinditic.pdf>

- **CNAE 261, 262, 263 e 264: MANUFACTUREIRAS TIC:** 2610.Fabricación de compoñentes electrónicos e Fabricación de placas electrónicas cargadas, 2620.Fabricación de computadoras e equipo periférico, 2630.Fabricación de equipos de comunicacións, 2640.Fabricación de aparellos de consumo electrónico, 2680.Fabricación de soportes magnéticos e ópticos.
- **CNAE 465: INDUSTRIAS COMERCIAIS:** 4651.Comercio por xunto de computadoras, equipo informático periférico e programas informáticos, 4652.Comercio por xunto de equipo electrónico de telecomunicacións e dos seus partes e pezas.
- **CNAE 582: ACTIVIDADES DE PUBLICACIÓN TIC:** 5821.Industria editorial de xogos de computador, 5829.Outros tipos de edición de programas informáticos
- **CNAE 611, 612, 613 e 619: TELECOMUNICACIÓNS:** 6110.Actividades de telecomunicacións por cable, 6120.Actividades de telecomunicacións sen fios, 6130.Actividades de telecomunicacións por satélite, 6190.Outras actividades de telecomunicación.
- **CNAE 620: ACTIVIDADES DA TECNOLOXÍA DA INFORMACIÓN E DO SERVIZO INFORMATIVO:** 62.01.Actividades de programación informática, 62.02.Actividades de consulta de tecnoloxía da información, 62.03.Actividades de dirección de instalacións de computador, 62.09.Outras actividades de tecnoloxía de información e servizo de computadoras.
- **CNAE 631: PORTAIS WEB, PROCESAMENTO DE DATOS, ALOXAMENTO E ACTIVIDADES CONEXAS:** 63.11.Procesamento de datos, aloxamento (aloxamento) e actividades conexas, 63.12.Portais web.
- **CNAE 951: REPARACION DE COMPUTADORAS E EQUIPOS COMUNICACIONAIS:** 9511.Reparación de computadoras e equipo periférico, 9512.Reparación de equipos comunicacionais.
- **CNAE 581: EDICIÓN DE LIBROS, XORNAIS E OUTRAS ACTIVIDADES EDITORIAIS :** 5811.Edición de libros, 5812.Edición de directorios e guías de direccións postais, 5813.Edición de xornais, 5819.Outras actividades editoriais.
- **CNAE 591: ACTIVIDADES CINEMATOGRAFICAS, DE VÍDEO E DE PROGRAMAS DE TELEVISION:** 5911.Actividades de produción cinematográfica, de vídeo e de programas de televisión, 5912.Actividades de postprodución cinematográfica, de vídeo e de programas de televisión, 5913.Actividades de distribución cinematográfica, de vídeo e de programas de televisión, 5914.Actividades de exhibición cinematográfica.
- **CNAE 592: ACTIVIDADES DE GRAVACIÓN DE SON E EDICIÓN MUSICAL :** 592.Actividades de gravación de son e edición musical
- **CNAE 601 e 602: ACTIVIDADES DE PROGRAMACIÓN E EMISIÓN DE RADIO E TELEVISIÓN:** 601.Actividades de radiodifusión, 602.Actividades de programación e emisión de televisión
- **CNAE 639: OUTROS SERVIZOS DE INFORMACIÓN :** 6391.Actividades das axencias de noticias

Emprego por área de actividade

Gráfico 14. Desglose segundo CNAE do Sector TIC. Anos 2019-2023





Gráfico 15. Desglose segundo CNAE do Sector Contidos. Anos 2019-2023




Fonte: Elaboración propia a partir dos datos de afiliacións e contas de cotización proporcionados pola Seguridade Social, 2019-2023

Emprego segundo xénero


A análise do emprego dende unha perspectiva de xénero no **Hipersector TIC** indica que o **66,6%** dos traballadores son homes e o **33,4%** son mulleres. Por subsectores de actividade apréciase que, no **Sector TIC**, a porcentaxe de mulleres é do **31%** e, no **Sector Contidos**, as mulleres son o **43,2%** do total de traballadores/as.

Gráfico 16. Distribución por xénero do emprego no Hipersector TIC. Ano 2023



Fonte: Elaboración propia a partir dos datos de afiliacións e contas de cotización proporcionados pola Seguridade Social, 2023

Gráfico 17. Evolución do emprego por xénero do emprego no Hipersector TIC. Ano 2018-2023




Fonte: Elaboración propia a partir dos datos de afiliacións e contas de cotización proporcionados pola Seguridade Social, 2018-2023

FENDA DE XÉNERO

A porcentaxe de mulleres empregadas no Hipersector TIC é do **33,4%**. O emprego crece en ambos xéneros con forza (4,7%) pero, por terceiro ano consecutivo, este crecemento é maior no caso do emprego feminino (6,1%).

Emprego por réxime de cotización

Gráfico 18. Distribución do emprego por réxime de cotización no Hipersector TIC no ano 2023



Fonte: Elaboración propia a partir dos datos de afiliacións e contas de cotización proporcionados pola Seguridade Social, 2023



O 85,6% dos traballadores/as do **Hipersector TIC** cotizan no **Régime Xeral**, mentres que o **14,4%** desempeña o seu traballo baixo o **Régime Especial de Autónomos/as**.

No último ano, o incremento no Régime Xeral foi do 5,2%, e no Régime Especial de Autónomos/as o incremento foi do 1,7%.





Gráfico 19. Evolución do emprego por réxime de cotización no Hipersector TIC. Ano 2018-2023



Fonte: Elaboración propia a partir dos datos de afiliacións e contas de cotización proporcionados pola Seguridade Social, 2018-2023

Emprego por réxime de cotización e provincia


Tendo en conta o réxime de afiliación e a provincia do traballador/a, é a de Lugo na que se acada unha maior porcentaxe de autónomos/as no Hipersector TIC, cun 24,3% de afiliados/as.

A Coruña é a provincia que conta cun maior peso de afiliados/as ao Réxime Xeral dentro do Hipersector TIC, cunha porcentaxe do 89,1%.




No 2023, **A Coruña** é, novamente, a provincia que conta cunha maior porcentaxe de **traballadores/as no Réxime Xeral, co 89,1%**. Pola súa banda, **máis do 20% de traballadores/as do Hipersector TIC das provincias de Lugo e Ourense, son autónomos/as.**

Gráfico 20. Distribución do emprego por réxime de cotización no Hipersector TIC no ano 2023 segundo a provincia



Fonte: Elaboración propia a partir dos datos de afiliacións e contas de cotización proporcionados pola Seguridade Social, 2023

Mapa 9. Número de traballadores/as do Hipersector TIC segundo área de residencia. 2023




Número de traballadores / as do Hipersector TIC. Galicia 2023

Áreas macrocomarcales	Número de traballadores/as	Áreas macrocomarcales	Número de traballadores/as
Área da Coruña	7.786	O Morrazo	666
Área de Vigo	5.342	A Barbanza-Noia	562
Área de Santiago	3.428	A Coruña suroriental	444
Alta en Galicia / Outras residencias	1.685	Pontevedra nororiental	352
Ferrol,Eume e Ortegal	1.363	Lugo oriental	305
Área de Ourense	1.202	A Mariña	277
Lugo Central	1.042	Lugo Sur	252
Área de Pontevedra	1.028	O Carballiño-O Ribeiro	217
Caldas-O Salnés	780	Ourense sur	215
Pontevedra sur	705	Ourense central	210
Área de A Costa da Morte	695	TOTAL	28.556

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos de afiliacións e contas de cotización proporcionados pola Seguridade Social, 2023

*As sumas parciais poden dar distinto que o total porque se trata dunha media entre o mes de xuño e decembro, podendo faltar decimais na aproximación.

Mapa 10. Número de traballadores/as do Sector TIC segundo área de residencia. 2023




Número de traballadores / as do Sector TIC. Galicia 2023

Áreas macrocomarcales	Número de traballadores/as	Áreas macrocomarcales	Número de traballadores/as
Área da Coruña	6.472	O Morrazo	551
Área de Vigo	4.583	A Barbanza-Noia	455
Área de Santiago	2.268	A Coruña suroriental	339
Alta en Galicia / Outras residencias	1.527	Lugo oriental	294
Ferrol,Eume e Ortega	999	Pontevedra nororiental	271
Área de Ourense	951	Lugo Sur	212
Área de Pontevedra	782	A Mariña	178
Lugo Central	758	Ourense central	170
Pontevedra sur	623	O Carballiño-O Ribeiro	163
Caldas-O Salnés	595	Ourense sur	161
Área de A Costa da Morte	580	TOTAL	22.932

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos de afiliacións e contas de cotización proporcionados pola Seguridade Social, 2023

*As sumas parciais poden dar distinto que o total porque se trata dunha media entre o mes de xuño e decembro, podendo faltar decimais na aproximación.

Mapa 11. Número de traballadores/as do Sector Contidos segundo área de residencia. 2023



Número de traballadores / as do Sector Contidos. Galicia 2023

Áreas macrocomarcales	Número de traballadores/as	Áreas macrocomarcales	Número de traballadores/as
Área da Coruña	1.314	A Barbanza-Noia	107
Área de Santiago	1.160	A Coruña suroriental	105
Área de Vigo	759	A Mariña	99
Ferrol,Eume e Ortegál	364	Pontevedra sur	82
Lugo Central	284	Pontevedra nororiental	81
Área de Ourense	251	Ourense sur	54
Área de Pontevedra	246	O Carballiño-O Ribeiro	54
Caldas-O Salnés	185	Lugo Sur	40
Alta en Galicia / Outras residencias	158	Ourense central	40
Área de A Costa da Morte	115	Lugo oriental	11
O Morrazo	115	TOTAL	5.624


Fonte: Elaboración propia a partir dos datos de afiliacións e contas de cotización proporcionados pola Seguridade Social, 2023

*As sumas parciais poden dar distinto que o total porque se trata dunha media entre o mes de xuño e decembro, podendo faltar decimais na aproximación.

3 COMERCIO EXTERIOR

O Hipersector TIC exportou máis de **120 millóns de euros** no ano 2022.

**Gráfico 21. Balanza comercial do Hipersector TIC en Galicia.
Ano 2022 (miles de euros)**



Fonte: IGE 2022



No ano 2022, o Hipersector TIC exportou máis de **120 millóns de euros**, o que supón un **crecemento relativo do 11,1%** no último ano. As **importacións** tamén creceron no último ano **(+4%)**, superando os **190 millóns de euros**.

Táboa 5. Balanza Comercial do Hipersector TIC en Galicia. (2017-2022).

ANO	2017	2018	2019	2020	2021	2022
BALANZA COMERCIAL (miles de euros)						
TIC	-23.976,88	-28.649,86	-39.077,50	-59.800,88	-82.979,80	-80.092,70
CONTIDOS	629,74	-69,01	-1.129,88	1.087,64	1.468,20	3.095,63
HIPERSECTOR	-23.347,14	-28.718,87	-40.207,39	-58.713,25	-81.511,60	-76.997,08

Fonte: IGE, 2017-2022

* **Nota metodolóxica:** neste capítulo considerárase comercio exterior referido ao comercio de bens. Polo tanto, as CNAEs que computan son:

- Sector TIC -> CNAEs 261, 262, 263, 264, 268, 582
- Sector Contidos -> CNAEs 581, 591, 592
- Hipersector TIC -> CNAEs 261, 262, 263, 264, 268, 582, 581, 591, 592

Exportacións

As exportacións do subsector TIC creceron nun 8,7% no 2022 debido ao pulo de dúas actividades: A fabricación de computadoras e de equipos periféricos (CNAE 2620) ten un crecemento do 40,5% con respecto ó ano anterior e a Fabricación de compoñentes electrónicos (CNAE 2611) medrou nun 67,7% respecto ao último ano.

En canto ao sector Contidos, a actividade que rexistrou a mellor evolución é na actividade do CNAE 5811 (Edición de Libros) cun crecemento 37,4% respecto ao ano anterior e as actividades e produción cinematográficas y vídeo (CNAE 5915) que exporta no ano 2022, 690 mil euros fronte aos 67 mil do ano 2021.

Táboa 6. Exportacións do Hipersector TIC en Galicia. Ano 2021-2022

EXPORTACIÓNS			
	CNAE	VALORES 2021 (miles de euros)	VALORES 2022 (miles de euros)
Sector TIC	2611	1.735,8	2.910,4
	2612	3.977,6	3.977,6
	2620	16.145,9	22.692,6
	2630	61.148,4	61.625,6
	2640	17.506,7	18.061,9
	2680	172,8	171,4
	5829	0,6	23,7
	Total	100.687,7	109.463,2
CRECIMENTO 2021-22: +8,7%			
Sector Contidos	5811	4.965,5	6.823,58
	5813	0	511,9
	5814	1.502,8	1.758,15
	5819	1.547,6	1.564,00
	5915	67,2	690,3
	5920	12,0	83,1
	Total	8.095,1	11.431,1
CRECIMENTO 2021- 2022: +41,2%			
HIPERSECTOR TIC	Total	108.783	120.894
CRECIMENTO 2021- 2022: +11,1%			


Fonte: IGE, ano 2021-2022




As exportacións de
**equipos de
telecomunicacións**
superan os 61
millóns de euros, o
que supón o **56,3%**
das exportacións
do Sector TIC en
Galicia.

Exportacións

Gráfico 22. Exportacións do Hipersector TIC en Galicia. Ano 2022




As **exportacións** máis importantes do Hipersector TIC proceden do **Sector TIC**, e máis da metade destas encádranse na actividade de **Fabricación de equipos de telecomunicaciones**



Fonte: IGE, ano 2022

Gráfico 23. Exportacións do Hipersector TIC en Galicia. Evolución 2017-2022




Fonte: IGE, ano 2017-2022

Importacións

No ano 2022, as importacións do sector TIC creceron nun 3,2% debido, principalmente ao pulo de dúas actividades económicas, encadradas no CNAE 2611 (Fabricación de compoñentes electrónicos) e o CNAE 2612 (Fabricación circuítos impresos ensamblados) cun crecemento relativo respecto ao ano anterior do 161,6% e 136,3% respectivamente. No sector Contidos o que máis crece é "outras actividades editoriais", ao importar por valor de case catro millóns, fronte a pouco máis de dous e medio o ano anterior. En termos relativos, a edición de revistas (5814) multiplica por 5 as importacións previas.

Táboa 7. Importacións do Hipersector TIC en Galicia. Ano 2021-2022

IMPORTACIÓNS			
	CNAE	VALORES 2021 (miles de euros)	VALORES 2022 (miles de euros)
Sector TIC	2611	24.334,9	63.657,0
	2612	1.297,1	3.065,2
	2620	35.325,2	30.468,1
	2630	57.441,7	71.719,6
	2640	65.103,0	20.364,5
	2680	148,8	257,1
	5829	16,8	24,4
	Total	183.667,5	189.555,9
CRECEMENTO 2021-2022: +3,2%			
Sector Contidos	5811	2.704,9	3.382,1
	5813	0,2	0,2
	5814	29,2	148,2
	5819	2.581,9	3.959,4
	5915	1.228,2	745,4
	5920	82,5	100,2
	Total	6.626,9	8.335,4
CRECEMENTO 2021-2022: +25,8%			
HIPERSECTOR TIC	Total	190.294	197.891
CRECEMENTO 2021-2022: +4%			




As importacións de **fabricación de compoñentes electrónicos e a fabricación de equipos de telecomunicacións** superan conxuntamente os **135 millóns de euros**, o que supón o **68,4%** das importacións do Hipersector TIC en Galicia.

Fonte: IGE, ano 2021-2022

Importacións

Gráfico 24. Importacións do Hipersector TIC en Galicia. Ano 2022



Fonte: IGE, ano 2022

Os produtos procedentes da fabricación de equipos de telecomunicacións e fabricación de compoñentes electrónicos concentran o 68,4% das importacións do Hipersector TIC en Galicia, no ano 2022.





Gráfico 25. Importacións do Hipersector TIC en Galicia. Evolución 2017-2022



Fonte: IGE, ano 2017-2022

4 INNOVACIÓN TECNOLÓXICA

No período **2020-2022**, **1.774** empresas galegas de 10 ou máis empregados/as **realizaron algunha actividade innovadora**.


Neste capítulo analizarase en primeiro lugar a actividade innovadora das empresas galegas de 10 ou máis empregados/as, presentando datos procedentes de enquisas de innovación e I+D do INE (*).

Posteriormente, particularizaranse os indicadores de innovación ao Hipersector TIC de Galicia.

As actividades innovadoras comprenden calquera actividade sobre produtos ou procesos novos ou mellorados, incluíndo actividades en curso ou abandonadas.

No período 2020-2022, 1.774 empresas galegas de 10 ou máis traballadores/as realizaron algún tipo de actividade innovadora, o que representa o 23,6% das empresas galegas deste segmento empresarial.

Gráfico 26. Nº de empresas con actividades innovadoras en Galicia. 2020-2022



Fonte: INE, Enquisa sobre innovación nas empresas, ano 2022


(*) **NOTA IMPORTANTE:** Na Enquisa de Innovación correspondente ao ano 2018 prodúcese unha ruptura da serie debido ao cambio metodolóxico da nova versión do Manual de Oslo. Por ese motivo, non se poden realizar comparacións cos datos publicados en anos anteriores. Ademais, a enquisa pasa a ter unha periodicidade bianual en vez de anual coma ata ese ano

Innovación Tecnológica

Galicia ocupa a **sexta** posición no ranking de **empresas innovadoras.**




Gráfico 27. Nº de empresas con actividades innovadoras en España. 2020-2022



Fonte: Elaboración propia a partir de datos. INE, Enquisa sobre innovación nas empresas, ano 2022

Mapa 12. Porcentaxe de empresas innovadoras por CCAA. 2020-2022



Fonte: Elaboración propia a partir de datos. INE, Enquisa sobre innovación nas empresas, ano 2022

Empresas Innovadoras



No período **2020-2022**, o **23,6%** das empresas galegas de 10 ou máis empregados/as **realizou algunha actividade innovadora.**

Comparativamente, a porcentaxe de empresas galegas de 10 ou máis empregados/as que realizaron algunha innovación entre 2020 e 2022 é do 23,6% en Galicia, valor case idéntico á media estatal, que foi do 23,9%.






Gráfico 28. Nº de empresas con actividades innovadoras en España. 2020-2022



Fonte: Elaboración propia a partir de datos INE, Enquisa sobre innovación nas empresas, 2020-2022


Gasto en Innovación

As empresas galegas de 10 ou máis empregados/as acadaron un **gasto en actividades innovadoras** de **823 millóns de euros no ano 2022**.

**Mapa 13. Gasto en Actividades Innovadoras por CCAA. Año 2022 (miles de euros)**

Fonte: INE, Enquisa sobre innovación nas empresas, ano 2022

Gráfico 29. Tipo de tecnoloxía comprada. Comparativa Galicia – España. Ano 2022



Fonte: INE, Enquisa sobre innovación nas empresas, ano 2022

O 32,3% das empresas galegas de 10 ou máis empregados/as mercaron tecnoloxía xa coñecida pola empresa ou unha actualización da preexistente, 2,2 puntos porcentuais por riba da media estatal.


Na compra de nova tecnoloxía, o 8,9% mercou nova tecnoloxía, non utilizada previamente pola empresa, por riba da media estatal en 0,2 puntos porcentuais.

Gasto en I+D



As empresas galegas de 10 ou máis empregados/as destinaron máis de **751 millóns** de euros a gastos internos de **I+D no ano 2022**, o que supón un incremento do **7,7% respecto ao ano anterior**.


Gráfico 31. Evolución dos gastos internos totais en I+D en Galicia . (2017-2022)



Fonte: INE, Estatística de I+D, 2017-2022

Gasto en I+D

Mapa 14. Gasto en Actividades Innovadoras por CCAA (I+D interna. Ano 2022 (miles de euros)




Fonte: INE, Estadística de I+D, 2022

Considerando o total do territorio estatal, os gastos internos en I+D sitúanse no 19.324.755 miles de € no ano 2022. A Comunidade galega ocupa o sétimo posto do ranking estatal con 751.045 miles de euros, só por detrás de Comunidades como Madrid, Cataluña, Andalucía, País Vasco , Comunidade Valenciana e Castela e León.




Galicia sitúase na sétima posición das Comunidades que **máis investiron en I+D** respecto ao conxunto estatal.

Persoal en I+D



O número de **traballadores / as en I+D** a xornada completa en Galicia sitúase en **12.350 persoas** no ano 2022, o que supón un **crecemento do 8% respecto ao ano anterior.**

Gráfico 32. Evolución do persoal en I+D en Galicia (2017-2022)



Fonte: INE, Estatística de I+D, 2017-2022

No 2022, no ámbito estatal estaban rexistrados 263.407 traballadores/as en I+D, dedicados a xornada completa. A cifra de traballadores/as en I+D a xornada completa en Galicia sitúase nos 12.350 empregados/as, ocupando a sexta posición no ranking nacional por detrás de Madrid, Cataluña, Andalucía, Comunidade Valenciana e País Vasco.

Persoal en I+D: Mulleres

Galicia permanece en sexta posición das Comunidades que conta **con máis persoal feminino en I+D** respecto ao conxunto estatal.

As **mulleres a xornada completa en I+D en Galicia** representan o **40,6% dos** empregados/as de I+D.





Gráfico 33. Persoal en I+D en xornada completa. Mulleres. 2022



Fonte: INE, Estatística de I+D, 2022


Empresas Innovadoras



O gasto en innovación Hipersector TIC galego ascendeu neste período a máis de **164 millóns de euros, dos cales o 66,4% está destinado a I+D interna. É o 20% do total do gasto en innovación en Galicia (824 millóns de euros)**


O gasto en innovación do Hipersector TIC galego aumenta en máis de 46 millóns no último ano (+38,8%).

Gráfico 34. Gasto en Innovación de empresas galegas do Hipersector TIC (en miles de euros)



Fonte: elaboración propia con datos facilitados polo IGE da enquisa de innovación nas empresas do INE. Base: % sobre as empresas do Hipersector TIC con 10 ou máis empregados/as e sede en Galicia que realizaron actividades innovadoras no período 2020-2022, 2018-2020, 2017-2019

Gráfico 35. Gastos en actividades innovadoras en Galicia das empresas do Hipersector TIC do Estado (en miles de euros)




Fonte: elaboración propia con datos facilitados polo IGE da enquisa de innovación nas empresas do INE. Base: % sobre as empresas do Hipersector TIC con 10 ou máis empregados/as e sede en Galicia que realizaron actividades innovadoras no período 2020-2022, 2018-2020, 2017-2019

Empresas Innovadoras




O 45,8% das empresas galegas de 10 ou máis empregados /as do Hipersector TIC realizou actividades innovadoras en 2022, principalmente **innovacións de produto (84,5%) e tecnolóxicas de procesos (88,7%)**.

Gráfico 36. Tipoloxía en innovación de empresas do Hipersector TIC



Fonte: elaboración propia con datos facilitados polo IGE da enquisa de innovación nas empresas do INE. Base: % sobre as empresas do Hipersector TIC con 10 ou máis empregados/as e sede en Galicia que realizaron actividades innovadoras no período 2020-2022

Gráfico 37. Tipoloxía de gasto en innovación de empresas do Hipersector TIC



Fonte: elaboración propia con datos facilitados polo IGE da enquisa de innovación nas empresas do INE. Base: % sobre as empresas do Hipersector TIC con 10 ou máis empregados/as e sede en Galicia que realizaron actividades innovadoras no período 2020-2022

A innovación e a I+D+I no Hipersector TIC de Galicia


A intensidade innovadora é a ratio dos gastos en actividades innovadoras respecto da cifra total de negocio. No caso do Hipersector TIC, este valor ascende ao 7,85% nas empresas que realizan actividades de I+D fronte ao 6,12% do conxunto das empresas do Hipersector.

Un dos impactos da actividade innovadora máis relevante prodúcese nos "procesos de negocio", con 130 empresas innovadoras. Séguenlle as que innovan en procesamento de información ou comunicación (80) e en métodos de fabricación ou produción (68).



A ratio de intensidade de innovación sobre a cifra de negocio sitúase no 7,85% entre as empresas do Hipersector TIC galegas de 10 ou máis empregados/as que realizan actividades I+D+I.

Gráfico 38. Intensidade Innovadora. Hipersector TIC



Fonte: elaboración propia con datos facilitados polo IGE da enquisa de innovación nas empresas do INE. Base: % sobre as empresas do Hipersector TIC con 10 ou máis empregados/as e sede en Galicia que realizaron actividades innovadoras no período 2020-2022

Gráfico 39. Empresas innovadoras por tipo de innovación. Hipersector TIC




Fonte: elaboración propia con datos facilitados polo IGE da enquisa de innovación nas empresas do INE. Base: % sobre as empresas do Hipersector TIC con 10 ou máis empregados/as e sede en Galicia que realizaron actividades innovadoras no período 2020-2022

A innovación e a I+D no Hipersector TIC



O 23,2% das empresas do Hipersector TIC declaran que as súas actividades innovadoras tiveron impacto na cifra de negocios.

Gráfico 40. Impacto económico das innovacións de produto, % sobre a cifra de negocios



Fonte: elaboración propia con datos facilitados polo IGE da enquisa de innovación nas empresas do INE. Base: % sobre as empresas do Hipersector TIC con 10 ou máis empregados/as e sede en Galicia que realizaron actividades innovadoras no período 2020-2022

5 PATENTES


As patentes son **indicadores de innovación** por amparar as invencións orientadas á mellora industrial.

A Organización Mundial da Propiedade define a patente como “un dereito exclusivo concedido a unha invención, é dicir, a un produto ou procedemento que aporta, en xeral, unha nova maneira de facer algo ou unha nova solución técnica a un problema”.

Son patentables aquelas invencións novas que impliquen unha actividade inventiva e sexan susceptibles de aplicación industrial. A lexislación española, ao respecto, distingue entre patentes e modelos de utilidade.

Esta última modalidade resérvase a aquelas invencións de menor rango que, sendo novidades, consisten en dar a un obxecto unha configuración, estrutura ou constitución da que se derive algunha utilidade ou vantaxe práctica.

As patentes constitúen un indicador recoñecido como útil para medir os resultados xerados polas actividades de investigación e desenvolvemento tecnolóxico, na medida en que protexen unha invención particular.



Patentes



No ano 2023, a oficina española de Patentes e Marcas concedeu **84 modelos de utilidade e 37 patentes en Galicia.**


O período de protección no caso dos modelos de utilidade é de 10 anos, cando as patentes posúen unha efectividade de 20 anos.

As patentes de invención e os modelos industriais, xunto coas marcas, conforman a propiedade industrial.

No ano 2023 a Oficina Española de Patentes e marcas concedeu 37 patentes e 84 modelos de utilidade a entidades galegas.

A tendencia indica que os modelos de utilidade cobran cada vez maior peso respecto ás patentes, e o total presenta unha tendencia estable nos últimos catro anos.

Gráfico 41. Patentes e Modelos de Utilidade concedidos a entidades en Galicia. Ano 2013-2023



Fonte: Oficina Española de Patentes e Marcas, anos 2013-2023

Anexo: Definición de áreas macrocomarcais

Provincia da Coruña

- Ferrol-Eume-Ortegal: comprende as comarcas de Ferrol, Eume e Ortegal.
- Área da Coruña: comprende as comarcas da Coruña e Betanzos.
- Área da Costa da Morte: comprende as comarcas de Bergantiños, Fisterra, Muros, Soneira e Xallas.
- A Coruña suroriental: comprende as comarcas de Arzúa, Ordes e Terra de Melide.
- Área de Santiago: comprende as comarcas da Barcala, O Sar e Santiago.
- A Barbanza-Noia: comprende as comarcas da Barbanza e Noia.

Provincia de Lugo

- Lugo oriental: comprende as comarcas da Fonsagrada, Os Ancares e Sarria.
- Lugo sur: comprende as comarcas de Chantada, Quiroga e Terra de Lemos.
- Lugo central: comprende as comarcas da Ulloa, Lugo, Meira e A Terra Chá.
- A Mariña: comprende as comarcas da Mariña Central, A Mariña Oriental e A Mariña Occidental.

Provincia de Ourense

- O Carballiño-O Ribeiro: comprende as comarcas do Carballiño e O Ribeiro.
- Ourense central: comprende as comarcas de Allariz e Maceda, Terra de Caldelas, Terra de Trives e Valdeorras.
- Ourense sur: comprende as comarcas da Limia, a Baixa Limia, Terra de Celanova, Verín e Viana.
- Área de Ourense: comprende a comarca de Ourense.

Provincia de Pontevedra

- Pontevedra nororiental: comprende as comarcas de Deza e Tabeirós-Terra de Montes.
- Pontevedra sur: comprende as comarcas da Paradanta, O Baixo Miño e O Condado.
- Área de Pontevedra: comprende a comarca de Pontevedra.
- Caldas-O Salnés: comprende as comarcas de Caldas e O Salnés.
- Área de Vigo: comprende a comarca de Vigo.
- O Morrazo: comprende a comarca do Morrazo.

